

A LEDICIA DE LER

“O grupo poético ‘Cravo fondo’”

CARLOS CASARES

La Voz de Galicia. 19 de febreiro de 1978



DOCUMENTOS DA FUNDACIÓN CARLOS CASARES

La Voz de Galicia

A LEDICIA DE LER é unha sección que Carlos Casares publicou en *La Voz de Galicia* de 1975 a 1980, onde trataba temas literarios e lingüísticos, ademais de dar conta das novidades editoriais da época. O texto está adaptado á normativa galega actual. Queremos agradecerlle a *La Voz de Galicia* a cortesía manifestada en todo momento e as facilidades para achegar este material ao público.

O grupo poético “Cravo fondo”

CARLOS CASARES – LA VOZ DE GALICIA. 19 DE FEBREIRO DE 1978

Hai tempo xa que quería falar aquí deste grupo poético, que forman Ramiro Fonte, Xesús Rábade Paredes, Xavier Rodríguez Barrio, Xulio L. Valcárcel, Xesús M. Valcárcel, Félix Vergara Vilariño e Helena V. Janeiro, pero circunstancias alleas á miña vontade impedíronmo ata hoxeⁱ. Fágoo agora con gusto, entre outras cousas porque eles veñen situarse fóra dunha fórmula poética que repetidamente teño sinalado nesta sección como falsa e sen interese literario. Aínda que só fora por este feito xa estaría xustificada unha boa acollida, pero é que hai máis. Hai en primeiro lugar un manifesto que figura á fronte do libro e que pese a todas as reservas que tales textos inspiran, merece ser considerado con atención.

Vaia por diante a confesión de que persoalmente disinto en non poucos puntos do que se di no tal manifesto. Pero vaia igualmente por diante o meu aplauso a este intento de establecer a reflexión encol do feito poético sobre unhas bases teóricas orixinais dentro da literatura galega. Penso que esta deber ser a primeira vez que se emprega a palabra “pobo” co requisito mínimo, tan cortés como honrado, de explicar ao lector o que se entende por este concepto, por moito que a coñecida definición de Gramsci (“conxunto de clases subalternas e instrumentais da sociedade”) non resolva demasiado. O loable intento de converter a poesía nun instrumento de liberación ao servizo do pobo non aparece claramente fundamentado, a pesar das abundantes citas a Marx, Trostky ou Mao. A verdade é que a poesía culta (digo culta en contraposición con poesía oral popular) é de seu un fenómeno minoritario, dificilmente popularizable. ¿Poden chegar a ser populares Mallarmé, Rimbaud,

Verlaine, Lautréamont, Holderlin, Rilke, Guillén, Cernuda, Manuel Antonio ou Luis Pimentel? E se non son popularizables ¿debemos prescindir deles e condenalos a ser “poesía producida pola clase dominante”? ¿Non será demasiado conceder a esa clase? ¿Non será roubarlle demasiado ao pobo?

A literatura en xeral, e dun xeito especial a poesía, interesan a pouca xente, de maneira semellante ao que ocorre coa música sinfónica, coa pintura ou coa danza clásica. Diríamos que cada unha destas artes ten os seus afeccionados, pero que dificilmente a todos nos pode interesar todo. Por outra parte, a arte é complexa e o seu goce require unha aprendizaxe previa. Polo que se refire á literatura, por exemplo, non abonda con saber ler, senón que hai que saber ler en profundidade. De aí que a postura política máis sensata é aquela que propuña o recentemente falecido Arnold Hauser: que ningunha persoa quede privada do acceso á arte e á literatura por causas económicas e sociais. É dicir, o principio democrático da igualdade de oportunidades aplicado á estética.

Pero o libro do grupo “Cravo fondo” non se reduce a un manifesto, como é lóxico, senón que recolle un bo feixe de poemas dos sete poetasⁱⁱ antes citados. De algúns deles, como Félix Vergara Vilariño e Xavier Rodríguez Barrio, xa comentamos libros nesta sección. De Xesús Rábade Paredes falamos aquí a propósito do seu relato *A terra prometida*, publicado por Akal. Os demais nomes eran ata agora, polo menos para nós, descoñecidos. En adiante, se xulgamos por esta mostra, haberálles que prestar unha atención que indubidablemente merecen.

Persoalmente, o que máis me chama a atención destes novos poetas é o seu bo oficio, a boa factura dos seus versos. Foxen do prosaísmo e buscan a musicalidade (léanse, por exemplo, os poemas de Ramiro Fonte, de Xulio e Xesús Valcárcel) e o valor poético das palabras. É dicir, que antes que outra cousa son poetas, por iso non

sacrifican os valores intrínsecos da súa obra en beneficio de factores externos. Por outra parte, resulta evidente que detrás destes versos hai todo un traballo de lecturas, de reflexión sobre a función da literatura, de boa formación literaria. Con eles a poesía galega moza empeza a saír dun negro pozo, ponse nun novo carreiro, venta os aires da verdade. Podemos dicir sen correr demasiados riscos que coa escolma de *Cravo Fondo* queda enterrada, e ben enterrada, a antoloxía dos novísimos, na que por outra parte algúns deles estaban xa representados.

* * *

ⁱ *Cravo Fondo*, Follas Novas Edicións, Santiago 1977.

ⁱⁱ Nota do transcritor. No orixinal, “poemas”.